

Expediente núm.: 4542/2020

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE LALÍN E O “CLUB ROTEIROS DE LALÍN”, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE TURISMO ACTIVO NO MEDIO NATURAL**

**REUNIDOS:**

Dunha parte, Dna. Begoña Blanco Blanco, **Concelleira delegada de Turismo do Concello de Lalín**, que actúa no seu nome e representación, de conformidade co establecido nos artigos 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Pola outra, D. José Luis Rodríguez Jácome con DNI: 76813950E, na súa condición de **Presidente do “Club Roteiros de Lalín”**, CIF: G94190543, e domicilio social na rúa Ramón Aller, 30-2ºB, 36500 Lalín, que actúa no nome e en representación da devandita asociación, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos, vixentes a día de hoxe.

**EXPOÑEN:**

**Primeiro.-** Que o Concello de Lalín, de acordo co disposto no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, ten competencias en materia de protección e xestión del Patrimonio histórico (25.2ª), Medioambiente urbano (25.2.b), información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local (25.2.h) e promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre (25.2.l).

**Segundo.-** Que ambas entidades son conscientes de que o Concello de Lalín ten un enorme potencial en canto a rutas e lugares de interese para as persoas afeccionadas a realizar actividades no medio natural. Igualmente consideran que percorrer os camiños tradicionais é unha maneira excelente de dar a coñecer o noso amplo patrimonio natural, monumental, arqueolóxico, etnográfico, paisaxístico e gastronómico. No mesmo sentido comparten a importancia da conservación do medio ambiente e da preservación do patrimonio cultural e histórico por formar parte da nosa identidade como pobo e tamén por ser un importante factor de desenvolvemento social e económico. Ambas partes coinciden tamén na oportunidade que todo isto supón para a dinamización de Lalín en xeral e de maneira especial do ámbito rural do noso Concello. A posta en valor e a promoción da nosa contorna, ademais de ser un recoñecemento explícito á importancia da labor feita polas xeracións anteriores, pode contribuir a aportar un valor engadido á nosa excelente produción agroalimentaria, e a facer do turismo e das actividades de





ocio un factor de desenvolvemento que fixe poboación e mellore a nosa calidade de vida. Estas actividades saudables no medio natural ao mesmo tempo axudan á mellora da saúde e da integración e socialización da veciñanza do noso Concello e da xente que nos visite.

**Terceiro.-** Que as asociacións e demais entidades sen ánimo de lucro xogan un papel destacado nesta labor de dinamización. Concretamente unha destas entidades é o “Club Roteiros de Lalín” que ten como obxectivos principais a divulgación do patrimonio natural e cultural e a sensibilización medioambiental, a recuperación e posta en valor dos camiños tradicionais así como dos elementos patrimoniais da súa contorna, a dinamización socioeconómica seguindo un criterio de desenvolvemento sostible e harmonizado, o fomento na cidadanía hábitos de vida saudables buscando tamén promover a integración e cohesión social así como a participación cidadá e a incorporación das innovacións e das ferramentas tecnolóxicas as actividades. Para acadar eses obxectivos Roteiros de Lalín principalmente, organiza rutas de sendeirismo pero tamén impulsa outras actividades culturais e artísticas como conferencias, exposicións de fotografía, proxeccións de audiovisuais, elaboración de folletos informativos e publicacións, degustación de produtos agroalimentarios locais e a través de todas estas actuacións fomenta e transmite ao máximo nivel a imaxe de Lalín e os moitos valores que atesoura.

**Cuarto.-** Que o “Club Roteiros de Lalín” é unha entidade sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións de Lalín e no Rexistro de Asociacións Deportivas da Xunta de Galicia co núm.: C-13726, con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins e que ten como obxectivos principais os anteriormente mencionados.

**Quinto.-** Que Roteiros de Lalín leva cinco anos desenvolvendo as súas actividades e facendo unha mirada retrospectiva pode verse con claridade a magnitude do traballo realizado ata o de agora. As actividades organizadas son máis de corenta. Deseñáronse 22 percorridos diferentes ao longo de todo o Concello de Lalín pasando por 37 das 53 parroquias. Os trazados creados suman case 400 quilómetros de percorrido. Nas actividades participaron máis de 3000 persoas. Nos percorridos realizados visitáronse máis de 30 igrexas e capelas, 15 pazos, 20 castros, 15 cruceiros, 5 pontes históricas, así como muíños, alvarizas, hórreos e árbores senlleiras. Ascendéronse os cinco cumios máis elevados do noso Concello. Tamén se divulgou o amplo patrimonio arqueolóxico do que dispoñemos en forma de mámoas, petróglifos e castros. De maneira especial impulsou a campaña “Deza, dous Camiños, un destino” que se compuxo de múltiples actividades e iniciativas para a promoción dos dous Camiños de Santiago que pasan polo noso Concello e



que son o Camiño Sanabrés e o Camiño de Inverno. Ademais en redes sociais creouse unha comunidade que chega xa a máis de 3000 seguidores e na páxina web recibíronse arredor de 50000 visitas. Polo tanto esta inxente labor ben direccionada, sumada a labor de outros colectivos, posiciona ao Concello de Lalín na vangarda no sector das actividades no medio natural tanto en canto a turismo de natureza, de patrimonio e incluso gastronómico.

**Sexto.-** Que dada a singularidade e características das actividades que se van desenvolver acollidas ao convenio, soamente poderán levarse a cabo pola citada Entidade que, ademais, dispón de medios humanos e técnicos a través do persoal da propia asociación. Trátase dun referente único e exclusivo en Lalín, na Comarca de Deza, e mesmo en Galicia e, polo tanto, non resulta posible promover a concorrencia pública para levar a cabo as actividades previstas no convenio.

E dado que o Concello de Lalín e o “**Club Roteiros de Lalín**” teñen un interese común e coincidente na potenciación destas actividades de turismo activo no medio natural, manifestando a súa vontade recíproca de colaborar a tal fin, ámbalas dúas Entidades acordan a sinatura deste convenio de colaboración, que quedará suxeito ás seguintes,

### CLÁUSULAS:

#### **PRIMEIRA.- Finalidade.**

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre o Concello de Lalín e o Club Roteiros de Lalín, para a realización de actividades de fomento do turismo activo no medio natural no seu radio de acción.

#### **SEGUNDA.- Compromisos do Club Roteiros de Lalín.**

Coa sinatura deste convenio, o Club Roteiros de Lalín, comprométese a continuar realizando durante o tempo de vixencia deste convenio as actividades de divulgación do patrimonio natural, arqueolóxico, monumental, etnográfico e gastronómico de Lalín.

Igualmente, continuará realizando múltiples actuacións relacionadas co turismo activo e actividades no medio natural.

Así mesmo, durante o período de vixencia de este convenio o Club Roteiros de Lalín **comprométese a realizar as seguintes actividades:**





- Colaborar co Concello de Lalín e coa Oficina de Turismo para **atender as consultas e peticións de información que se formulen en relación coas rutas de sendeirismo** existentes no noso Concello.
- Colaborar co Concello de Lalín e coa Oficina de Turismo para a **elaboración de material gráfico e dixital** en relación coas rutas de sendeirismo e o patrimonio natural e monumental existente a carón delas.
- Colaborar co Concello de Lalín para **manter e engadir contidos sobre as rutas de sendeirismo na páxina web do Concello de Lalín** no apartado correspondente [www.roteiros.lalin.gal](http://www.roteiros.lalin.gal).
- **Inscribirse na Federación Galega de Montañismo e divulgar a través de ela os percorridos existentes no noso Concello** tanto en canto aos trazados homologados como aos existentes con sinalética propia de Roteiros de Lalín. Igualmente daráselle trámite as solicitudes de licencias federativas que formulen as persoas interesadas.
- **Organización un mínimo de catro roteiros durante o ano 2021** que en función das circunstancias serán con convocatoria pública e inscrición dos participantes ou ben a través da modalidade de percorrido sinalizado a disposición dos interesados en percorrelo pola súa conta.
- **Elaboración dun proxecto para percorrer o Camiño Sanabrés por etapas con realización das dúas primeiras durante o ano 2021.**

As actividades anteriormente descritas, **no caso de que non se poidan realizar por forza maior ou polas circunstancias derivadas da pandemia da covid-19, poderán ser substituídas por outras previamente consensuadas co Concello de Lalín.**

O Club Roteiros de Lalín comprométese a **facer constar en lugar ben visible a colaboración** do Concello de Lalín, utilizando para tal efecto os seus anagramas ou logotipos, na forma que se lle indique, en todas as actuacións informativas e divulgativas, así como as posibles publicacións que se fagan relacionadas coas actividades do convenio, que estarán sempre en lingua galega (**difusión da colaboración**).

Finalmente, o Club Roteiros de Lalín, comprométese a **atender de xeito gratuito a totalidade das consultas e peticións de información que se reciban no Concello de Lalín ou na Oficina de Turismo relativas a rede de sendeiros existente no Concello de Lalín** durante o período de vixencia de este convenio.





O Club Roteiros de Lalín encargárase de organizar, administrar, xestionar e contratar o persoal e as colaboracións que se precisen para a execución das actuacións previstas no convenio e facilitará os medios técnicos e humanos que teña dispoñibles para a súa realización. Con carácter orientativo especificase que o importe da axuda que se perciba do Concello a través deste convenio irá basicamente destinado, entre outros, a gastos consistentes en taxas federativas, pólizas de seguros de responsabilidade civil e de accidentes que cubran os riscos das actividades que se organicen, contratación de autobús ou outros medios de transporte cando sexan necesarios, hospedaxe cando se precise, avituallamentos, equipacións deportivas, sinalización de sendeiros, cartelaría e publicidade, servizos informáticos ou audiovisuais relacionados coas actividades, e outros consumibles ou gastos correntes ocasionados polas labores de preparación e sinalización das rutas así como os que poidan xurdir durante a súa realización.

### TERCEIRA.- Compromisos do Concello.

Pola súa banda, o Concello de Lalín comprométese a colaborar na realización das actividades da Asociación, achegando un importe de **cinco mil euros (5.000 €)** durante o ano de vixencia deste convenio, para cubrir gastos correntes, que respondan á natureza das actividades subvencionadas, aportando a Club Roteiros de Lalín a cantidade restante que resulte precisa para a realización das actuacións relacionadas na cláusula segunda que antecede.

O Concello de Lalín continuará subministrando **o material (estacas, tablillas, pintura en spray e plastificados A3)** para a sinalización provisional que se confeccionará por Aspadeza tal e como se ven facendo ata o de agora. Do mesmo xeito, o Concello de Lalín colaborará na medida das posibilidades co desbroce de determinados tramos dos camiños a través da brigada de obras do Concello.

O pago desta subvención levarase a cabo na forma indicada na Base 31 das de execución do orzamento xeral do Concello para o ano 2021.

Deberán presentar tamén declaración responsable asinada polo Secretario da Asociación, na cal se determinará que se cumpren todos os requisitos determinados no artigo 13 da Lei 38/2003 para obter a condición de beneficiario da subvención e que dita Asociación non incorre en ningún suposto de incompatibilidade ou prohibición para a percepción de axudas públicas.

Acompañarán tamén certificación bancaria do número de conta a nome da asociación







Esta achega será compatible con calquera outra das demais Administracións Públicas, sempre e cando a suma total das mesmas non supere o importe xustificado pola Asociación en cada exercicio.

A percepción desta contía, será incompatible con calquera outra clase de subvención, axuda ou ingreso económico por parte do Concello de Lalín.

#### **CUARTA.- Xustificación e pagamento.**

O "Club Roteiros de Lalín" está obrigado a someterse ás actuacións de control que decida realizar o Concello así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar tanto o Consello de Contas como Tribunal de Contas e Intervención municipal, conforme ao artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións, e a xustificar a cantidade recibida; e para tal efecto deberá presentar, **con data límite do 30 de novembro de 2021**, a seguinte documentación:

- Unha memoria da totalidade da actividade realizada que conterá unha relación das actividades feitas e unha relación clasificada dos gastos por cada actividade feita, con identificación do acredor e do documento xustificativo, o seu importe, a data de emisión da factura, e a data de pagamento, de acordo co artigo 75 do RD 887/2006 do Regulamento da Lei 38/2003 xeral de subvencións (LXS).
- Orzamento detallado de ingresos e gastos das actividades subvencionadas.
- Facturas orixinais (con tódolos requisitos esixidos polo R.D 1619/ 2012 de 30 de novembro) ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa polo importe total do gasto subvencionable, ao abeiro do establecido no artigo 30.3) da Lei 38/2003 de 17 de novembro (Lei xeral de subvencións e o seu Regulamento).

- Deberán ser orixinais, expedidos pola empresa subministradora dos bens ou servizos. Admitiranse copias compulsadas polo propio Concello, non obstante antes de realizar as fotocopias e compulsas das mesmas estamparase nos xustificantes orixinais un selo coa seguinte lenda: "En cumprimento da Lei 38/03 esta factura foi utilizada como xustificante do gasto para a obtención da subvención de colaboración nas actividades do Club Roteiros de Lalín por parte do Concello de Lalín no ano 2021".

- Asumirase o compromiso de aportar os orixinais no momento que lle sexan requiridos.

- A factura deberá vir especificada en moeda local e recoller a data de emisión da factura.



- Deberá constar na factura unha explicación do gasto. Se, a criterio do Concello o xustificante non é o suficientemente claro neste aspecto, deberá vir acompañado de nota explicativa da que se deduza unha clara relación do gasto coa actividade subvencionada.
- Conterá os datos identificativos do expedidor (nome, apelidos, denominación ou razón social, NIF e domicilio).
- Conterá os datos identificativos do destinatario que deberá ser a entidade subvencionada (nome, apelidos, denominación ou razón social, NIF e domicilio).
- Incluirá unha descrición detallada e prezo unitario da operación e o seu custe total, importe pagado e moeda. Deberá detallarse o IVE correspondente ou imposto equivalente para o seu caso, que estea en vigor no país de emisión da factura. Cando a cota se repercute dentro do prezo deberá indicarse "IVE incluído".
- Xustificantes de pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil utilizados para a xustificación. Só se admitirán os pagos realizados mediante transferencia bancaria ou cheque, polo que as facturas deberán acompañarse do correspondente xustificante de dita transferencia ou pago por cheque.
  - No caso de pagos por importe igual ou inferior a 200 euros admitirase o pago en metálico sempre e cando se faga constar na factura o selo do provedor, a dilixencia de factura pagada e o nome, DNI e sinatura da persoa que dilixencie o cobro da mesma e, no caso do pagamento por cheque: extracto bancario e copia da matriz do talón.
  - No caso de pagos en metálico, corresponde ó Concello comprobar a xustificación dese medio de pago que se fará constar en informe xustificativo no que se acredite que o pago mediante transferencia ou cheque suporía unha carga desproporcionada para o beneficiario tendo en conta a finalidade da subvención e a natureza do gasto. Atenderase para facer ese informe de forma prioritaria á contía do pago. De non xustificarse ese pago en metálico, entenderase non xustificada esa contía do gasto.
  - No caso de que se teñan realizado pagos que conleven retención de IRPF deberán presentar o correspondente modelo xustificativo de ter realizado o ingreso de dita retención na Axencia Tributaria.




- Declaración xurada sobre a obtención de axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración pública ou de particulares ou de entidades privadas tanto aprobadas como pendentes de resolución.
- Achegar certificación IBAN do número de conta corrente á que deba transferirse o importe da subvención, segundo as normas establecidas pola Tesourería Municipal.
- Certificación de que o beneficiario se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, no caso de que non puidera obter eses certificados o Concello e o prazo de validez dos xa presentados xa rematara, conforme co estipulado no apartado e) do artigo 14 da lei 38/2003 de 17 de novembro.
- Declaración xurada expedida polo Presidente relativo ao desenvolvemento das actividades polo que se acredite que a subvención foi destinada á finalidade para a que foi concedida.
- Declaración xurada sobre a obtención de axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración pública ou de entidades privadas, tanto as aprobadas como as pendentes de resolución.
- Acreditación da difusión da colaboración do Concello de Lalín nas actividades mediante mostras gráficas.

O gasto xustificado documentalmente deberá acadar, como mínimo, o importe a que ascende o orzamento de gastos. De non xustificarse o total do orzamento de execución do Convenio, o Concello de Lalín minorará a súa achega proporcionalmente.

#### **QUINTA.- Entrada en vigor.**

O prazo de duración do convenio será dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021, sen prexuízo de que serán subvencionables os gastos nos que incorra a Asociación pra o desenvolvemento das actividades indicadas na Cláusula Segunda no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2021.

Con todo, poderá extinguirse anticipadamente por acordo mutuo e voluntario das partes, por desestimento ou denuncia dalgunha delas, ou por incumprimento dos compromisos adquiridos, que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte, cun mínimo dun mes de antelación.

#### **SEXTA.- Comisión de seguimento.**

Para garantir o cumprimento deste convenio, créase unha comisión paritaria mixta de seguimento, constituída polo Alcalde do Concello de Lalín, ou no Concelleiro no







que delegue ou quen legalmente o substitúa, e o Presidente do Club Roteiros de Lalín, ou en caso de imposibilidade de este de calquera membro da Xunta Directiva, en cada momento, que coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución, sendo os seus acordos de execución inmediata.

**SÉTIMA.- Causas de resolución e reintegro.**

A maiores do establecido na cláusula quinta anterior, o presente convenio resolverase:

1. Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións indicadas no convenio.
2. Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culmine o mínimo volume de actividades acordadas no acordo.

Son causas de reintegro da subvención, xunto cos xuros de demora correspondentes dende o momento do seu pago, as establecidas no Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**OITAVA.- Protección de datos de carácter persoal**

Ámbalas dúas partes, comprométense a cumprir en todo momento as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica vixente, que xustifica e lexítima o tratamento dos datos persoais.

**NOVENA.- Modificación do Convenio.**

A modificación do contido do convenio requirirá acordo unánime dos asinantes.

**DÉCIMA.- Lexislación aplicable. Xurisdición.**

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e polo seu Regulamento, pola Lei 9/2007, do 13 de xullo de Subvencións de Galicia, e polo establecido na Bases de Execución do Presuposto Xeral do Concello de Lalín que estean vixentes xunto co presente convenio.

O Club Roteiros de Lalín quedará sometido ás responsabilidades e réxime sancionador establecidos tanto na dita Lei Xeral de Subvencións, como na Lei Xeral Orzamentaria.

Das cuestións litixiosas xurdidas con motivo da aplicación do presente convenio, e non resoltas en vía administrativa, coñecerán os Xulgados e Tribunais competentes do orden xurisdiccional Contencioso-Administrativo.






En proba de conformidade con todo o anteriormente exposto, ámbalas dúas partes asinan este convenio por triplicado en Lalín, a 20 de xullo de 2021.



Begoña Blanco Blanco  
Concelleira de Turismo



José Luis Rodríguez Jácome  
Presidente do Club Roteiros de Lalín